

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------------|----------|---------------|
| 36017648 | CEIP Mestre Valverde Mayo | Mos | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Proxecto competencial | 5º Pri. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 6 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 6 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 7 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 7 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 8 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 8 |
| 7.2. Actividades complementarias | 9 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 9 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 10 |
| 9. Outros apartados | 11 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 5º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CEIP Mestre Valverde Mayo, situado na parroquia de Sanguñeda, no concello de Mos, próximo ao concello de O Porriño, nunha zona semi urbana. Así mesmo, atópase ben comunicado coa cidade de Vigo, característica moi importante para complementar a oferta cultural de Mos. O centro ten 195 alumnos distribuídos en catro aulas do 2º ciclo de Educación Infantil e oito aulas de Educación Primaria.

Os grupos seleccionados de 5º EP, están compostos por 11 alumnos e alumnas de quinto A e outro de 12 alumnos e alumnas de quinto B con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 9 e os 11 anos. É un grupo moi diverso de cara ás tarefas propostas e con dificultades para o traballo en equipo, a organización e con pouca autonomía cando se trata de responsabilizarse das tarefas. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico e planificaranse actividades que fomenten a súa responsabilidade e saber facer para afianzar rutinas, mellorar a súa autoestima e lograr unha aprendizaxe significativa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Investigamos a publicidade | Investigamos sobre a publicidade dirixida aos nenos e nenas das nosas edades. Facemos recollida de datos e postas en común | 30 | 13 | X | | |
| 2 | O noso propio anuncio publicitario | Creación e deseño dun anuncio propio que terá como tema central o noso centro educativo. Creación dos diálogos ou material necesario para a súa elaboración xogo en formato dixital. Gravación en formato vídeo e audio usando app. | 35 | 11 | | X | |
| 3 | Cámara e acción! | Presentación do produto final á comunidade educativa. | 35 | 11 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 1 | Investigamos a publicidade | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da publicidade na nosa vida diaria. Aprender a ter un espírito crítico coa publicidade dirixida aos nenos e nenas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que xurdan durante o desenvolvemento das actuacións do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 2 | O noso propio anuncio publicitario | 11 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias para acadar os obxectivos. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar os recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver incidencias xurdidas de forma autónoma e comunicarlás en busca de axuda cando sexa preciso. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 3 | Cámara e acción! | 11 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar os anuncios realizados á comunidade educativa. | TI | 100 |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Cámara e acción!".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: crear o noso anuncio para o alumnado do centro educativo, traballando a publicidade, tema tratado no PDI do centro educativo. Para iso primeiro será o alumnado de 5º o que se informe e averigüe o necesario para elaborar os anuncios, que farán por equipos ao longo de todo o curso.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, traballarán na elaboración dos anuncios propiamente ditos e pensados durante o primeiro trimestre.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará o seu produto final. Expoñerán toda a información atopada e, de poder ser o caso, farán a presentación do produto final para toda a comunidade educativa.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- xecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|----------------------------------|
| MATERIAIS PERSOAIS |
| RECURSOS MATERIAIS |
| RECURSOS INFORMÁTICOS E DIXITAIS |
| RECURSOS ESPACIAIS |

RECURSOS PERSOAIS: os mestres, os propios compañeiros e as familias do alumnado son recursos persoais dos que nos valeremos para acadar obxectivos determinados. Os mestres actuaremos como mediadores, axudando ao alumnado a construír aprendizaxes, reforzando cando atopemos dificultades, completando os coñecementos e reconducindo para emendar posibles erros. A través da aprendizaxe en grupo, a cooperación e a titoría entre iguais, os rapaces serán tamén un importante recurso, beneficiándose uns dos outros. O traballo en colaboración coas

familias será fundamental para avanzar na consecución dos nosos obxectivos.

RECURSOS MATERIAIS: son a base para a aprendizaxe vivencial e a realización de proxectos. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), cámaras, croma, apps dixitais, movie maker, audacity...

RECURSOS INFORMÁTICOS E DIXITAIS: ordenadores, pizarra dixital, proxector, entorno virtual de aprendizaxe (EVA), vídeos, apps, dicionarios en liña, radio...

RECURSOS ESPACIAIS: aula ordinaria, biblioteca de centro, patio, parque exterior ou espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o primeiro mes do curso escolar realiarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o desenvolvemento das competencias clave. Para realizala, ademais, analizarei os informes persoais de 4º de EP e reunireime coas familias para completar a información necesaria.

Esta avaliación inicial será o punto de referencia para tomar decisións tanto na PD como ao comezo de cada UD, así como para a adopción das medidas educativas necesarias en cada momento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 30 | 35 | 35 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación das actividades despois da busca de información e implicación no proceso de investigación e deseño (busca de información , elaboración de enquisas para coñecer as preferencias do alumnado do centro, planificación e deseño do anuncio que queremos elaborar...).
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Realización do anuncio deseñado anteriormente, ...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

Polo tanto, terase en conta no traballo de aula:

- Realización das actividades e tarefas na aula.
- Interese por acadar a comprensión necesaria para unha correcta realización das actividades propostas.
- Implicación e interese por conseguir o mellor resultado posible.
- Calidade, claridade e corrección dos traballos realizados.
- Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.
- Uso dunha linguaxe adecuada e respectuosa coas diferenzas.

- Respecto polas regras que rexen a comunicación oral (escoita activa, respecto polas quendas de palabra, participación...).
- Esfuerzo e constancia no traballo.

Ao final de cada trimestre, para obter a nota da avaliación, terase en conta os resultados obtidos a partir da valoración da consecución dos criterios de avaliación.

Ademais, teremos en conta os criterios de calificación establecidos a nivel de centro educativo, que resaltan a necesidade de valorar o esforzo e os resultados da tarefa (50%) tanto como a actitude (50%).

Ao remate do curso farase unha media da nota das tres avaliacións para obter a nota final.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a obteña unha calificación negativa poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno/a como medida ordinaria de atención á diversidade, incidindo nos aspectos que non foron adquiridos e ofrecendo as medidas de apoio necesarias para o adecuado desenvolvemento das competencias de todo o alumnado.

Cando un alumno/a non acade o nivel suficiente na área terase en conta se os contidos non acadados son cíclicos. Neste caso daranse por recuperados se o alumno/a obtén unha calificación positiva ao traballalos en unidades didácticas posteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas actividades específicas para facilitar o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas para outros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---------------------------------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.5 - Creatividade | X | X | X |
| ET.6 - Emprendemento | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|--|------|------|------|
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos | X | X | X |
| ET.9 - Desenvolvemento sustentable | X | X | X |
| ET.10 - Educación para o consumo responsable | X | X | X |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade e a prevención de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------|----------------------|----------|----------|----------|
| Anuncios na radio escolar | Difusión do proxecto | X | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado? |
| Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral? |
| Incorpóranse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe? |

| |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| Dáse un peso real á observación do traballo na aula? |
| Valorouse o traballo en equipo do alumnado? |
| Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade? |
| Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo? |
| Realízase a función titorial e orientadora de forma axeitada? |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Deseñáronse unidades didácticas ou tarefas a partir dos elementos do currículo? |
| Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/tarefas/proxectos? |
| Medidas de atención á diversidade |
| Consegiuse a participación activa do alumnado? |
| As necesidades do alumnado foron atendidas? |
| Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE? |
| Clima de traballo na aula |
| Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe? |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Contouse co apoio e a implicación das familias? |
| Outros |
| Usáronse diferentes instrumentos de avaliación? |
| Seguiuise e revisouse a programación ao longo do curso? |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe debe ter en conta tamén a autoavaliación, é dicir, a análise da propia programación, os resultados obtidos ó longo das súas unidades, a práctica docente ou os recursos empregados, de tal forma que se poidan establecer mecanismos flexibles que me permitan adaptar mellor a programación ás necesidades do grupo-clase.

O alumnado, ás familias e o equipo docente serán partícipes da avaliación da práctica docente, xa que a súa opinión a cerca da evolución do proceso educativo é importante para detectar erros e acertos.

- No caso do alumnado, ao remate de cada trimestre realizaremos probas (enquisas, cuestionarios e diálogos con

- eles).
- Para coñecer a valoración das familias empregaremos as titorías, nas que podemos realizar entrevistas que non aporten información sobre a súa valoración con respecto aos seus fillos.
 - Ao quipo docente solicitareille a súa avaliación, no caso do profesorado que traballa comigo na aula o co meu grupo clase, a través de preguntas que me axudarán a detectar erros e posibilidades de mellora. Ademais, nas sesións finais de avaliación e nas reunións do equipo docente, recadarei información tanto da evolución do grupo como da adecuación das medidas levadas a cabo, de forma que poidamos establecer melloras pedagóxicas de forma coordinada, así como facer as propostas de mellora pertinentes.

9. Outros apartados